

Morriña

Copiamos a continuación o poema “Morriña”, reproducido pola *Revista Gallega* da Coruña.

Contidos:

- *Revista Gallega*, nº 611, 2 de decembro de 1906, p. 5.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 /
aemigracion@consellodacultura.org

MORRIÑA

Qué descansada vida...

Decía un tempo o vate escrarecido,
cantando a bendecida
paz, tesouro escondido
n'o monte, e veiga, e campo frolecido.

¡Ou santa paz d'aldea!
¡Ou ben d'os ceos, que perdido chora
quen vaga en terra allea,
atopándose agora
n'esta Babel, e do seu niño fóra!

¡Ou miña carballeira,
meus eidos, donde neno rebuldaba!
¡Ou ría marisqueira
que o ventíño rizaba,
e as areas de prata peneiraba!

¡Fuxistes ben axiña,
como fuxe d'os lóstregos o lume!
¡Como fada meiguiña
que, d'a serra no cume,
chama por nós, e logo vaise en fume!

Pro non... a miña alma
lévame a ver n'un vóo aquel corruncho
de soledade e calma,
onde seca o caruncho
afogado entr'as rosas e o fiuncho.

E vexo o mar bravío,
a igrexa, a fonte, a chouza; e vexo o gando
pacendo xunt'o río;
e hastra estou axexando
o melro, n'a cerdeira asubiando.

E sinto a gaita chusca,
e os atruxos d'os mozos n'as riolas,
quizais de paus en busca;
e o tronido d'as olas
que, por cuspirll'o ceo, estoupan, tolas.

Mais... soño ¡malpocado!
que este destino meu, eiquí me obriga
a vivir desterrado...
dend'esta terra amiga
¡Galicia, miña nai, Dios te bendiga!

RICARDO CONDE SALGADO

BUENOS AIRES